- Procesos: comprensión lectora
- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos escritos en lingua galega, realizando as inferencias necesarias.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Procesos: produción escrita
- Creación de textos breves utilizando a lingua galega con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación, o modelo discursivo que corresponda e progresando no uso de normas ortográficas.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios en lingua galega, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

UD	Título da UD	Duración
8	A comunidade e os país.	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Comprende distintos tipos de texto aplicando as normas ortográficas dadas.	PE	57
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Exprésase de xeito coherente na lingua escrita.		
CA5.8 - Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros.	Recoñece recursos básicos dunha enquisa.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Formula conclusiones sobre o funcionamento da lingua galega recoñecendo o verbos e as súas conxugacións.		
CA6.6 - Sistematizar a adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Adquire vocabulario a través dos textos populares		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Usa unha lingua respectuosa para cos demais.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.	Comprende a idea principal dun texto de tradición popular.		
CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa.	Participa en interaccións orais respectando as normas básicas de cortesía.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira progresivamente autónoma, a información explícita.	Le textos escritos identificando o sentido global	TI	43
CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversas fontes de información que empreguen a lingua galega acordes cos seus intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora.	Participa na lectura colectiva de textos de tradición popular.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios e a literatura en xeral e especialmente en lingua galega como vehículo de comunicación e como fonte de lecer e información.	Valora os textos en galego como vehículo de comunicación e como fonte de lecer e información.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Compara aspectos básicos das linguas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos.</li> <li>- Contexto</li> <li>- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> </ul>

## Contidos

- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo.
- Estratexias para a coherencia e a cohesión á hora de expresarse oralmente en lingua galega.
- Procesos: comprensión oral
  - Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís), realizando as inferencias necesarias.
  - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir.
  - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe (escoitar, recoller datos e preguntar) e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos.
- Procesos: produción oral
  - Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía, atendendo á súa intención comunicativa. Pronuncia e entoación adecuadas atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Contexto
  - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
  - Estratexias para a comprensión lectora de textos da literatura galega axeitados á súa idade.
  - Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas, léxico) e forma (estrutura, formato, título, imaxes).
- Procesos: comprensión lectora
  - Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
  - Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos escritos en lingua galega, realizando as inferencias necesarias.
  - Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Procesos: produción escrita
  - Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación, o modelo discursivo que corresponda e progresando no uso de normas ortográficas.
  - Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega e a elaboración de textos.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Colaboración en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias lectoras compartidas.
  - Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios en lingua galega, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.
  - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

UD	Título da UD	Duración
9	A vida no pasado: Prehistoria e Idade Antiga.	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.	Escoita un texto e identifica as características fundamentais do que nel se describe.	PE	75
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira progresivamente autónoma, a información explícita.	Le e extrae a idea principal dun texto escrito adecuado ao seu nivel.		
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Le, comprende e responde preguntas sobre un texto dado.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Analiza, de maneira acompañada, o contido elemental de textos escritos.		
CA3.6 - Producir en lingua galega textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionado o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Produce textos en lingua galega transformando unha historia na escena dunha película.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Exprésase de xeito coherente na lingua escrita		
CA5.8 - Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros.	Recoñece recursos básicos da linguaxe literaria.		
CA6.6 - Sistematizar a adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Adquire vocabulario a través dos textos.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Rexeita os usos discriminatorios e reconece os abusos de poder.	TI	25
CA2.3 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar e repreguntar.	Utiliza a linguaxe oral de xeito efectivo.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Chegana a acordo grupal sobre un conflito		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeita os usos discriminatórios e a discriminación polo uso do galego.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Usa a biblioteca para localizar lecturas do seu interese.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios e a literatura en xeral e especialmente en lingua galega como vehículo de comunicación e como fonte de lecer e información.	Valora a literatura en lingua galega.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Estratexias para a coherencia e a cohesión á hora de expresarse oralmente en lingua galega.</li> <li>- Procesos: comprensión oral</li> <li>- Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís), realizando as inferencias necesarias.</li> <li>- Detección de posibles usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación.</li> <li>- Procesos: produción oral</li> <li>- Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía, atendendo á súa intención comunicativa. Pronuncia e entoación adecuadas atendendo á particularidade fonética da lingua galega.</li> <li>- Contexto</li> </ul>

## Contidos

- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a comprensión lectora de textos da literatura galega axeitados á súa idade.
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos escritos en lingua galega, realizando as inferencias necesarias.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Procesos: produción escrita
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación, o modelo discursivo que corresponda e progresando no uso de normas ortográficas.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega e a elaboración de textos.
- Uso dunha linguaxe non discriminatória e respectuosa coas diferenzas.
- Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Construción da identidade lectora a partir de lecturas de textos en galego procedentes de diversas fontes de información.
- Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios en lingua galega, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.
- Valoración dos textos literarios da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como gozo persoal.
- Relación entre os textos lidos e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a traballar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

O alumnado debe iniciarse na utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade. Necesitamos dotalo de ferramentas para que poidan desenvolverse en múltiples contextos dominando a lingua oral e escrita de forma funcional.

Centramos a orientación nesta área na adquisición de habilidades imprescindibles para o desenvolvemento da capacidade de comprensión das alumnas e alumnos, sempre a través de apoios graduais e partindo da realidade máis inmediata do alumnado.

Todo o traballo se encamiña a proporcionarlle recursos de comunicación:

- A escritura: integramos o proceso de adquisición desta destreza a través do coñecemento previo de sons, os cales



se estudan en relación cun contexto de aprendizaxe motivador e se abordan dunha maneira progresiva.

- A expresión oral: mediante a participación na clase favorécese a ampliación e utilización do vocabulario, a expresión de experiencias persoais, a formulación de conxecturas e hipóteses... Fomentaremos distintos tipos de situacións de comunicación oral condicionados a cada nivel e momento. Mediante o xogo e a simulación descubren as posibles actitudes a comunicativas.

- A comprensión lectora: O alumnado chegará a distinguir os elementos estruturais das narracións e as ideas principais das exposicións do mesmo xeito que a discriminar os constituintes dos distintos tipos de lecturas ( título, portadas, capítulos...) Así o alumnado comprenderá o seu valor expresivo e observará os contidos e mensaxes connotativas.

- A expresión escrita: Desenvolvemos a tipoloxía textual, co fin de que o alumnado sexa capaz de producir composicións individuais de distinta índole; ademais aprenderá a facer esquemas e resumos, que lle axudarán a extraer as ideas principais dun texto.

Presentamos os coñecementos específicos de tipo gramatical e ortográfico como recursos necesarios para a expresión, con utilidade e aplicación práctica.

Isto favorece a súa asimilación, posto que non se plantexan como obxectos estranos, susceptibles de ser memorizados, senon como unha axuda máis para a comunicación.

Debemos ter en conta que cada un parte dunhas fortalezas individuais que hai que seguir desenvolvendo. Ditas fortalezas axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas dende a teoría das Intelixencias Múltiples como posibilidade para que o alumnado chegue a comprender aqueles contidos que necesita adquirir para alcanzar os obxectivos de aprendizaxe que pretendemos.

Nesta área o alumnado iníciase no desenvolvemento das habilidades da linguaxe, opr iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborador como unha forma de adestrar a capacidade empática de poñerse no lugar doutras persoas e saber expresar en función do contexto e a intención comunicativa o que pode suceder en situacións reais e cotiás.

A elaboración de proxectos de traballo cooperativo constitúe unha forma de aprendizaxe significativa e auténtica, cos que se potencia:

- O respecto hacia os seus compañeiros e compañeiras.
- A responsabilidade individual e colectiva.
- A comunicación entre os membros do grupo.
- O reparto de responsabilidades.
- A diversidade enriquecida polas contribucións individuais.
- O análise crítico da información.
- A capacidade de síntese.
- A mellora das aprendizaxes.

A ensinanza individualizada promove que cada alumno e alumna traballe na consecución dos obxectivos educativos a un ritmo acorde coas súas capacidades e destrezas. Por iso é importante establecer un plan que os axude a superar as súas dificultades, así como a desenvolver e potenciar as súas habilidades.

Centraremonos nunha metodoloxía flexible e inclusiva, dotada de técnicas e recursos educativos que mellor se adapten as necesidades particulares do alumnado.

Fomento da lectura.

O plan lector do noso centro intenta porvomer o gusto pola lectura e fomentar o hábito lector entre o alumnado e as familias.

O equipo de biblioteca planifica e leva a cabo actividades de fomento da lectura atendendo aos criterios que considere o equipo e cos criterios xerais que se establecen na PXA, especialmente no referente ao tema da Semana Cultural deste ano "De aquí e de acolá"

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Libros de lectura: da biblioteca de aula e de centro.
Vídeos didácticos.

Ordenador de aula e pantalla multifuncional.
Dicionario de lingua galega.
Recursos fotocopiabíes.
Recursos na rede.
Xogos didácticos.
Xornais e revistas.
Material funxible.
Plataforma dixital da editorial do libro de texto.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore o alumnado e unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.
- Recollerase información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar...
- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como:
  - . Actividades de expresión oral e escrita.
  - . Creación de pequenos textos.
  - . Busca de información.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos e alumnas para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>12</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	49	36	60	63	60	70	62	57	75	<b>60</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	51	64	40	37	40	30	38	43	25	<b>40</b>

#### Criterios de cualificación:

Á hpra de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno, resumos, esquemas, mapas conceptuais e probas obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as taboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas terán a porcentaxe marcada para cada criterio. A través delas avaliaranse os criterios de acaliación que se indican, así como o respecto polxs compañeirxs, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos do traballo no caderno de clase.

Os criterios de cualificación son os seguintes:

PROBAS DE AVALIACIÓN: Portfolio, probas escritas e orais, traballos. 35%

TRABALLO DIARIO INDIVIDUAL E COOPERATIVO: Tarefas, cadernos, fichas e exercicios. 35%

ACTITUDE: Respecto polas normas de aula e de centro, esforzo, interese e participación na aula. 30%

### **Criterios de recuperación:**

Ao ser avaliación continúa terán que ter adquiridos os coñecementos mínimos e superados os obxectivos mínimos de cada unidade para poder avanzar.

A aquel alumnado con dificultade daráselle material de reforzo e tanto a mestra como a especialista de AL reforzarán e farán un seguimento da súa aprendizaxe.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medida ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que non poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, resumos, etc.

- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...

- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.

- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural (ecosistema de praia, de monte, campo), visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.

Establecer colaboracións con outras institucións (concello, deputación, organizacións sen ánimo de lucro)

Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos poden ser: Plans Proxecta

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendimento.					X			X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz.		X		X				X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X		X					
ET.9 - Educación para a saúde					X		X	

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora.	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X
ET.4 - Competencia dixital.	X
ET.5 - Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendimento.	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres.	X
ET.7 - Educación para a paz.	
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	
ET.9 - Educación para a saúde	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación en actividades sobre a semana cultural	Realización de actividades plásticas para a posterior exposición das mesmas		X	
Saídas culturais	Numax, Curtocircuito	X	X	
Charlas formativas	Familias, profesionais de distintos ámbitos laborais			X
Obradoiros	De ortografía, vocabulario e dramatización.	X	X	X
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar, como poden ser : Magosto, Samaín, Semana Cultural sobre a interculturalidade "De aquí e de acolá", Día Mundial da Saúde, do Medio Ambiente, dos Dereitos do Consumidor, Día Internacional da Muller...	X	X	X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
Metodoloxía empregada
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
8. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
9. Dise un peso real á observación do traballo na aula.
Medidas de atención á diversidade
6. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
7. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
Clima de traballo na aula
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado
10. Valorouse de maneira adecuada o traballo cooperativo do alumnado dentro do grupo.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
5. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.

### **Descrición:**

Estes serán os ítems da autoavaliación docente que levaremos a cabo.  
En canto a avaliación do alumnado os ítems serán da seguinte maneira:

#### 1. Como traballamos:

- Entendo ao profesxr cando explica.
- As explicacións parécenme amenas.
- O profesxr explica só do libro.
- Emprega outros recursos ademáis do libro.
- Pregunto o que non entendo.
- Realizamos tarefas de grupo.
- Utilizamos espazos diferentes á aula.

#### 2. Como son as actividades:

- As preguntas correspóndense coas explicacións.
- As actividades, en xeral, son atractivas e participativas.
- En ocasións teño que consultar outras fontes de información.
- Mándanme demasiadas actividades.

#### 3. Como é a avaliación:

- As preguntas dos controis están claras.
- O que me preguntan dímolos na clase.
- Teño tempo suficiente para contestar as preguntas.
- Fago demasiados controis.
- Os controis sírvenme para comprobar o que aprendín.
- Participo na súa corrección.
- Os controis compróbanse logo na clase.
- Teñen en conta o meu traballo diario de clase.
- Creo que, en xeral, a valoración do meu traballo é xusta.

#### 4. Como é o ambiente na clase desta materia:

- Nesta clase hai bo ambiente para aprender.
- Gústame participar nas actividades de grupo.
- Lévome ben cos meus compañeirxs.
- Nesta clase síntome rexeitado.
- O trato entre nós é respetuoso.
- Síntome respectado polx profesxr.
- En xeral, síntome agusto na clase.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Trimestralmente farase un seguimento do desenvolvemento da programación. Esta debe de ser flexible, permitíndonos corrixir e modificar aqueles aspectos que non resultasen idóneos na posta en práctica.

## **9. Outros apartados**